

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES MENÉNDEZ PIDAL

(aprobado 28/06/2013)

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ÍNDICE:

- 1. Xustificación baseada no contexto.**
- 2. Identificación e valoración das necesidades.**
- 3. Determinación dos obxectivos.**
- 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.**
- 5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**
- 6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.**
- 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.**
- 8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.**
- 9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.**
- 10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.**

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.- Xustificación baseada no contexto.

Seguindo o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, os centros de ensino deben contar cun Plan Xeral de Atención á Diversidade, un documento no que se articule a atención á diversidade. Neste plan deben concretarse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Aínda que no noso Instituto existe un Plan de atención a diversidade cómpre axustalo a este decreto e realizar todos os cambios precisos coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe.

A zona educativa da que procede maioritariamente o alumnado do noso IES é o distrito 2 do concello da Coruña, que está delimitado pola poboación das rúas Zalaeta, Panadeiras, praza de España, A Torre, Montealto, Orillamar, Adormideiras, Paseo Marítimo, Matadoiro e Pedro Barrié de la Maza. Como pode observarse abrangemos unha zona moi ampla, na que se combinan barrio e zona centro. Neste barrio predomina o sector comercial. O índice de autoctonía ascende ao 52% dos dez distritos da Coruña. A poboación estranxeira está repartida nas mesmas proporcións que no resto da cidade, aínda que ano a ano vemos incrementarse a presenza de alumnado de diferentes latitudes (maioritariamente basicamente de Romanía e de Sudamérica), cos conseguintes problemas de integración.

Temos na actualidade máis de 600 alumnas/os de tres etapas educativas: ESO, Bacharelato e Ciclos Medios e Superiores da familia de Comercio e marketing.

O alumnado do centro con NEE presenta diversas situacións sociais, familiares e académicas:

- Estranxeiros de diversos países
- Alumnos con necesidades especiais
- Alumnos con altas capacidades
- Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe
- Alumnos pertencentes á etnia xitana e outra situacións sociais desfavorecidas.

2.- Identificación e valoración das necesidades.

Segundo o artigo 32 do Decreto de Atención á Diversidade enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou historia escolar.

O momento evolutivo do alumnado de ESO mais tamén a dura crise económica e social fai que teñamos moito alumnado na ESO con dificultades: alumnado con NEE ligadas a déficits persoais, alumnado procedentes de ambientes pouco estimuladores e con desvantaxe socioeducativa clara, alumnado inmigrante que ten dificultades importantes de rendemento escolar por proceder de sistemas educativos máis “lentos” ou por estar escasamente escolarizados, alumnado de etnia xitana e cada vez máis temos alumnado que provén de familias en risco de exclusión social. Todo este alumnado presenta unhas grandes dificultades para acadar os obxectivos mínimos do currículo, problemas emocionais e de conduta por falta de modelos familiares normalizados, polo que requiren recursos extraordinarios para implementar medidas efectivas de reforzo e apoio.

Salientar que existen tamén no centro moitos alumnos con problemas de atención diagnosticados con TDA-H o que incide grandemente no rendemento académico e no comportamento.

PRINCIPIOS XERAIS:

1. A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.

4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

3.- Determinación dos obxectivos.

O Obxectivo básico pasa por poder ofertar a axuda pedagóxica adecuada ás diferentes necesidades do alumnado con estratexias que incidan naqueles aspectos que manifestan a diversidade do alumnado e que están estreitamente relacionados co proceso de Ensino-Aprendizaxe, tales como a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses.

- Proporcionar ao alumnado unha resposta axeitada e de calidade que lle permita alcanzar o máis grande desenvolvemento persoal e social, especialmente ao que mostra algunha necesidade educativa especial..
- Previr, detectar e dar resposta educativa (organización, metodoloxía, avaliación...) ás necesidades educativas.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de proporcionar respostas educativas axeitadas a todo o alumnado e especialmente ao que presenta NEE.
- Ofrecer a todo o alumnado, a través do PAT, as Técnicas de Traballo Individual e de organización e planificación do seu traballo persoal.
- Establecer e facilitar canles de comunicación entre o profesorado que traballa co alumnado con NEE.
- Asesorar ás familias do alumnado con NEE en aspectos que se consideren oportunos en relación ao seu desenvolvemento académico e persoal.

- Coordinarnos con institucións ou organismos externos ao centro que facilitan a integración do alumnado con NEE.

Na procura de que o maior número de alumnas e alumnos do noso centro poidan acadar os obxectivos da ESO, preparamos unha serie de medidas.

4.- Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

1.-Medidas preventivas

- Desde o D. de Orientación asesorárase aos departamentos didácticos que o soliciten sobre a programación, criterios e técnicas de avaliación, aspectos metodolóxicos, secuenciación de obxectivos e contidos e elaboración de ACIs.
 - Programa de Transición de Primaria a Secundaria, elaborado en coordinación cos CEIPs dos que recibimos alumnado, propicia a continuidade na resposta educativa ao longo da vida escolar do alumnado e facilita o acceso á E.S.O. Realízase unha diagnose rápida do alumnado que chega ao instituto e que precisa medidas de atención á diversidade, de aí que no primeiro trimestre propónse:
 - o Solicitar dos Centros de Primaria dos que procede o alumnado os Informes Individualizados de Avaliación de final da Primaria.
 - o Analizar a documentación presentada polo alumnado para ver se nela consta algún tipo de referencia a programas de reforzo ou adaptacións curriculares recibidas en cursos precedentes. Contacto coas xefaturas dos Departamentos de Orientación para recabar datos.
 - o Entrevista persoal coas familias do alumnado que presenta NEEs.
 - o Aplicar nos primeiros meses a batería BADYG-Medio (Batería de Aptitudes Diferenciales y Generales).
 - o Facer a Avaliación Inicial en Outubro para, reunido o equipo docente de cada un dos cursos, contrastar toda a información que sobre o alumnado se poida ter. Desta reunión de avaliación inicial sairá o

alumnado con problemas específicos que precisa apoios.

- O Departamento de Orientación, xunto co profesorado do grupo implicado e o profesorado de Pedagogía Terapéutica, preparará un plan de actuación individualizado axeitado.

2.--Medidas Curriculares:

A través do Plano de Acción Titorial incidirase no coñecemento e seguimento persoal de cada alumn@.

Elaborar reforzos educativos para todo aquel alumnado que o precisa, despois da sesión de avaliación inicial que levamos a cabo no mes de outubro.

Reforzos para a integración do alumnado inmigrante, colectivo do que temos cada curso un bo número de estudantes. Cando non coñecen as linguas castelá e galega e este descoñecemento lles impide ter normalizado o horario co seu grupo base, reciben clases de lingua diariamente ben coa profesora de PT ben co profesorado con horario dispoñible dos distintos departamentos.

O alumnado con NEE da ESO recibe apoio especializado por parte do profesora do de PT.

Elaboración de ACIs a aquel alumnado con desfase curricular de dous cursos.

3.--Medidas Organizativas:

-Repetición ou permanencia no mesmo curso para aquel alumnado que non acadou os obxectivos do seu nivel e pode, por idade, beneficiarse desta medida.

-Seguimento individualizado, a través das xefaturas de departamento e o Departamento de Orientación, de todo o alumnado do centro con materias suspendidas de cursos anteriores e polo tanto pendentes.

-Establecemento de reforzos, sobre todo para o alumnado inmigrante.

- PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO

-Calquera outra que o Departamento de Orientación e o equipo directivo acordan (deshobres, agrupamentos...) atendendo ás necesidades que se presenten e a dispoñibilidade horaria do profesorado.

- Participación nun CONTRATO PROGRAMA ou calquera outra fórmula que se nos propoña desde a Consellaría e signifique ampliar os recursos do Centro para a atención á diversidade..

5.- Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

Atenderase prioritariamente ao alumnado dos cursos máis baixos e o criterios para o establecemento de apoios na ESO será o seguinte:

- 1º.- Alumnado con n.e.e con dificultades de aprendizaxe, con informe psicopedagógico, informe do EOE e informes clínicos derivadas de deficiencia motora, sensorial, mental, TDAH e conduta grave.
- 2º.- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (con e sen ACI) e con informe Ps.ou informe do EOE, no ámbito de trastornos na linguaxe, retraso na fala, altas capacidades con dificultades de aprendizaxe en áreas instrumentais.
- 3º.- Alumnado con desfase curricular ou problemas de aprendizaxe derivados dun entorno social ou familiar desfavorecido.

6.- Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

Como norma xeral, a intervención será desde dentro do mesmo grupo-clase e polo profesorado das diferentes materias. Cando isto non sexa posible, a seguinte estratexia será a de intervir dentro do mesmo grupo coa axuda da profesora de apoio.

O profesorado de P.T. é o principal recurso humano co que conta o Instituto para facer apoios ao alumnado con NEE, pero , cando sexa posible, tamén se contemplan reforzos que realizan outros profesores e profesoras, segundo dispoñibilidade horaria.

O alumnado con NEE pode ser reforzado dentro ou fora da aula nas técnicas instrumentais básicas .

7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

- Coordinación dos diferentes estamentos educativos do centro.

Reunións semanais do Departamento de orientación, presidida pola xefa do departamento coas persoas responsables da titoría nos cursos da Eso e a profesora especialista de PT.

Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Reunión como mínimo a principio de curso coas familias do alumnado por niveis.

-Asesoramento e coordinación cos centros que envían alumnado ao noso IES.

Reunións de coordinación para desenvolver o Plan de Transición de Primaria a Secundaria.

- Servizo de Inspección Educativa.

- Solicitud de asesoramento, información ou intervención do Equipo de Orientación Específico de A Coruña, segundo o procedemento e modelo existente.

8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

Coordinación externas:

- E.O.E.: Solicitarase cando se necesite asesoramento referente á avaliación psicopedagóxica ou para unha mellor canalización doutros apoios, recursos materiais e recursos externos.

- Atención Temperá do Hospital Materno-Infantil de A Coruña.

- Servizos de Saúde Mental de A Coruña.

- Servizos Sociais Municipais

- Orientadores de zona

- Centros privados: Gabinetes de Logopedia e Psicopedagogía.

Coordinacións coa familia:

O xefe do departamento de orientación disporá dunha hora diaria para atención ás familias.

O/a titor/a do alumno/a será o interlocutor principal ante a familia, en función das demandas e das situacións de cada demandante poderá solicitar a asistencia doutro profesorado ou doutros membros da comunidade educativa (equipo directivo, departamento de orientación, etc.)

As canles de colaboración serán:

- Reunións presenciais no centro educativo ao inicio de curso.

- Circulares informativas de carácter xeral.

- Cartas/informes solicitados ó centro polas familias para colaborar con outros servizos na valoración das necesidades educativas do alumnado.

9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, como un PMAR iniciaranse as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente:

- 1.- Unha vez o titor ou especialista detecta a necesidade dunha medida extraordinaria informará á familia de tal medida,.
- 2.- Avaliación Psicopedagóxica do alumno/a.
- 3.- A Xefa de Estudos realizará unha convocatoria para decidir ou non a pertinencia de tal medida.
- 4.- O/a titor/a ou especialista correspondente terá que informar à familia do acordado e solicitará da mesma a súa conformidade coa medida.
- 5.- A familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida proposta, podendo do mesmo xeito facer constar aqueles feitos que estime relevantes.
- 6.- Solicitar tal medida á inspección correspondente.

Cando un alumno/a precise de medidas extraordinarias de atención á diversidade, como una ACI (reguladas na orde do 6 de Outubro de 1995, DOG do 7 novembro 1995) iniciaranse as actuacións pertinentes segundo o determinado na normativa vixente:

- 1.- A/o profesor/a de materia detecta a necesidade dunha medida extraordinaria .
- 2.- Avaliación Psicopedagóxica do alumno/a.
- 3.- Informarase á familia do acordado .
- 4.- Solicitar tal medida á inspección correspondente.

10.- . Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

Nas reunións semanais entre o profesorado de Pedagogía Terapéutica e a orientadora realizarase un seguimento do alumnado con NEE e valorarase e faranse propostas para encamiñar o traballo a desenvolver con este alumnado. Refllectiremos nun informe final todos os progresos e as necesidades de mellora do alumnado con NEE.

Polo que respecta á avaliación deste plan farase no marco do plan xeral.

Especificamos criterios diferentes para as distintas partes do plano:

- Calidade dos apoios ás necesidades educativas especiais
- Apoios recibidos polo profesorado para levar a cabo a acción tutorial.
- Grao de satisfacción do profesorado titor e do alumnado.
- No plano de orientación académica e profesional interesará sobre todo a eficacia das propostas desenvolvidas.

A continuación aparece a programación das distintas actuacións a levar a cabo: PAT, PAD, POAP, tal como se conciben neste momento, resaltando que son totalmente abertas e que teñen que ser consensuadas co profesorado e aprobadas na CCP polo que poden sufrir modificacións significativas.

- Reunións cos Departamentos de Orientación dos centros da zona.

Prantexámonos facer unha avaliación continua, de xeito que utilizaremos os resultados acadados para ir axeitando a programación.

Avaliaremos os obxectivos propostos de forma realista, pero tamén con xenerosidade e entusiasmo.

Usaremos os cuestionarios que vaiamos preparando e os intercambios de opinións como técnicas avaliativas.

ADENDA CURSO 2020-21

Neste curso por mor da pandemia colaborase na adaptación do conxunto de medidas para protexer e prever o contaxio da covid-19 de xeito especial para o alumnado con NEAE.

1. Aseguraremos a participación activa do alumnado con NEAE nas actividades de acollida.
2. Seguimento máis pormenorizado do alumnado con NEAE das medidas preventivas de educación para a saúde sobre a Covid 19.
3. Farase seguimento individualizado do nivel de coñecemento de novas tecnoloxías do alumnado con NEAE para realizar actividades na aula virtual e para o seguimento das clases online de ser necesario.
4. Farase co alumnado con NEAE actividades de alfabetización dixital. A necesaria mellora da competencia dixital de todo o alumnado debe revisarse, para incrementala se é preciso, de xeito individualizado con aquel alumno que procede de ambientes sociais moi precarios.
5. Incrementarase, até onde sexa posible, en función dos recursos, a axuda que podemos prestar ao alumnado con dificultades académicas debido ao confinamento para ver se superar aqueles desfases curriculares que poidan existir.
6. Realizarase seguimento individualizado das familias para detectar o antes posible dificultades económicas que impidan a compra de material escolar, máscaras e demais...